

1ª. Analiza os seguintes textos e mapas. Despois elabora un cadro ou un mapa conceptual no que expliques os cambios territoriais en Europa central e oriental a consecuencia da desaparición do bloque comunista liderado pola URSS.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

A perestroika




O Partido Comunista realizou unha análise crítica da situación á que se chegara a mediados da década 1980 e formulou a política

21. Mikhail Gorbachev, da *perestroika* ou reestruturación, unha política tendente a acelerar o desenvolvemento económico e social do país e a renovar todas as esferas da vida. O pobo soviético comprende e acepta esta política: a *perestroika* vivificou o conxunto da sociedade.

M. GORBACHEV,
A perestroika e a nova mentalidade, 1988



- Que foi a perestroika segundo Gorbachev?



22. Multitude na porta de Brandeburgo. O muro de Berlín caeu o 9 de novembro de 1989.

A desintegración da URSS

En 1985 Mikhail Gorbachev (21) chegou á presidencia da Unión Soviética. Nese momento o país padecía **graves problemas**:

- As industrias de bens de consumo e a agricultura eran incapaces de abastecer a poboación.
- A prioridade concedida á produción militar impedira o desenvolvemento doutros sectores económicos.
- O uso das tecnoloxías da información estaba limitado pola censura e o control do PCUS.

Gorbachev aplicou diversas medidas para solucionar estes problemas. Non obstante, non puido impedir que a situación económica se deteriorase máis. No ámbito político Gorbachev centrouse en dúas actuacións:

- A **perestroika**, que foi o conxunto de reformas destinadas a democratizar o réxime e lograr a apertura política.
- A **glásnost**, que foi a política de transparencia informativa.

Como consecuencia destas medidas, desapareceu o monopolio do PCUS, o que permitiu a aparición de novos grupos políticos. Ao mesmo tempo, os dereitos e liberdades da poboación foron ampliándose. En 1988 celebráronse eleccións libres e outorgouse máis autonomía ás repúblicas soviéticas.

Estas políticas favoreceron o xurdimento de sentimentos nacionalistas e independentistas en case todas as repúblicas soviéticas. En 1991 asíñouse a **disolución da URSS** en 15 repúblicas. Posteriormente, doce delas agrupáronse na CEI (Comunidade de Estados Independentes). (23) O Estado máis importante foi a Federación de Rusia, que tivo como primeiro presidente a Boris Eltsin.

As revolucións democráticas de Europa do Leste

Ao final da década de 1980, nos países de Europa do Leste vivíase unha profunda crise e un fondo rexeitamento ao dominio soviético. As reformas de Gorbachev permitiron aos movementos de oposición organizarse e manifestar abertamente as súas críticas aos dirixentes comunistas.

En 1989 sucedéronse varias **revolucións populares**, primeiro en Polonia (liderada polo sindicato Solidariedade e Lech Walesa) e en Hungría, e meses despois, na República Democrática Alemá, Checoslovaquia, Bulgaria e Romanía, que significaron o final do comunismo. O 9 de novembro dese ano produciuse a caída do muro de Berlín. (22 e 24).

Estas revolucións modificaron o mapa político europeo:

- En 1990 produciuse a **unificación das «dúas Alemañas»** nun só Estado: a República Federal de Alemaña.
- En 1991, o final do comunismo en **Iugoslavia** significou a súa **desintegración**. As tensións independentistas provocaron un grave conflito bélico que se prolongou ata 2001 e concluíu coa aparición de sete novos Estados.
- En 1992 **Checoslovaquia dividiuse** en República Checa e Eslovaquia.

Europa foi durante case corenta anos un dos principais escenarios da Guerra Fría. O denominado Pano de Aceiro dividía o mundo, e a dinámica europea confrontou dous modelos económicos, políticos e sociais. Pero no novo contexto internacional formulábase a definición do novo espazo europeo. Creáranse **novos Estados** e establecéranse novas fronteiras e, ademais, iniciáronse fondas reformas legais e económicas para **desmantelar a antiga estrutura socialista**.

Doutra banda, a reunificación alemá integrou na CEE a antiga RDA e formulou o futuro do resto de países do Leste neste organismo. A creación en 1992 da Unión Europea tivo xa en conta a integración destes países no **novo proxecto económico e político de Europa**. No caso de Rusia, mantéñense relacións comerciais, pero o peso territorial, económico e mais demográfico ruso podería chegar a desestabilizar o conxunto da UE e provocar dificultades para a súa posible integración.



Os xefes de Goberno da UE reunidos en Bruxelas para un cumio do Consello Europeo en 2011. 12 destes países son antigas democracias populares ou ex repúblicas soviéticas.

OS CAMBIOS NA EUROPA DO LESTE



Consulta os mapas de Europa ata 1991 e despois da desaparición do bloque soviético que xuntamos no 1º cartafol deste módulo.

2ª. Elabora un mapa conceptual no que describas os cambios económicos e políticos en Europa central e oriental dende 1991. Utiliza a información dos seguintes documentos.

A Rusia poscomunista

A nova Federación Rusa herdou moitos dos **problemas** da URSS. Dunha banda, os **enfrentamentos** entre etnias e nacionalidades diversas. Doutra, unha **crise económica** como resultado da **rápida privatización** que significou o afundimento caótico da propiedade estatal, unha enorme suba dos prezos, o aumento do paro e o empobrecemento da poboación.

Tras a desintegración da URSS, Rusia (**Federación Rusa**) converteuse en herdeira de gran parte do territorio soviético. Baixo a presidencia de Borís Yeltsin (1991-1999), o país adoptou teoricamente unha democracia multipartidista de estilo occidental; no entanto, o goberno exerceu o seu poder de forma autoritaria.

Así mesmo, instaurouse unha política económica neoliberal, que tendía a minimizar a intervención do Estado, o cal prexudicou gran parte da poboación e, asemade, fixo florecer unha oligarquía que se beneficiou da privatización das propiedades estatais.

O acceso ao poder de Vladímir Putin (1999-2008) non representou un significativo cambio democratizador, pero si unha nova orientación económica que lle permitiu a Rusia comezar un período de crecemento. Ademais, desenvolveuse unha intensa actividade diplomática para atopar un novo lugar no concerto internacional, baseada na continuación de relacións con Occidente e na recuperación da súa importancia en países de América Latina, Asia e África.

Os países da Europa do Leste

Nos países da **Europa do Leste**, a fin do socialismo tamén produciu unha convulsión extraordinaria. O florecemento de nacionalismos, contidos ou reprimidos na época comunista, orixinou a fragmentación de países como Checoslovaquia, e graves conflitos como o da extinta Iugoslavia, que desembocou nunha terrible guerra entre as nacionalidades que formaban o Estado iugoslavo.

Como resultado, en 1991 Croacia e Eslovenia conseguiron a independencia. Pero o conflito máis cruento tivo lugar en Bosnia, onde os enfrentamentos entre serbios e bosníacos musulmáns tiveron un carácter étnico e relixioso.

A antiga Iugoslavia viuse reducida ao territorio de Serbia, Montenegro e Kosovo. Na actualidade, Montenegro é un Estado independente (2006), e Kosovo, logo de declararse independente de xeito unilateral (febreiro 2008), mantén fortes tensións con Serbia.

A comezos do século XXI e xa relativamente pacificada a zona, os países da Europa do Leste que adoptaran formas económicas de libre mercado manifestaron a súa intención de se integraren plenamente nos organismos europeos, entre eles a Unión Europea.

Así mesmo, unha vez desaparecido o Pacto de Varsovia, a inmensa maioría destes países integráronse na OTAN, que se converteu na única alianza militar vixente en Occidente.

O conflito en Chechenia



A disolución da URSS trouxo consigo rivalidades entre as diferentes repúblicas do Cáucaso: Armenia, Xeorxia e Acerbaixán. O conflito máis grave e inacabado é o de Chechenia, onde o exército ruso intervién duramente para impedir a secesión do territorio e a actividade terrorista da guerrilla chechena.

A DESINTEGRACIÓN DE IUGOSLAVIA



Co apoio do exército, os serbios de Bosnia desencadearon unha verdadeira "limpeza étnica" contra os musulmáns.

En 1995, alcanzouse un acordo segundo o cal Bosnia lograba a independencia e se establecía un sector croata musulmán e outro serbio, con grande autonomía para ambos os dous, pero dentro dun Estado único.

3ª. Elabora un mapa conceptual sobre as causas da desintegración da República Federal de Xugoslavia, as características do proceso e as consecuencias de todo tipo. Utiliza a información dos seguintes documentos e a dos mapas do cartafol anexo a este apartado.



A desintegración de Iugoslavia

En Iugoslavia, un país creado tras a Primeira Guerra Mundial, coexistían diversos grupos étnicos (croatas, serbios, eslovenos, bosnios, albaneses...) e distintas relixións (musulmáns, ortodoxos e católicos). A difícil convivencia destas comunidades chegou ao seu punto culminante cando caeu o réxime comunista que gobernaba o país desde a Segunda Guerra Mundial.

En xaneiro de 1991, Macedonia proclamou a súa independencia, e en xuño, fixérono Croacia e Eslovenia. En resposta, o goberno serbio declarou a guerra a estes últimos países, pois pretendía a creación da Gran Serbia, composta por todos os territorios en que existe poboación serbia. Pero o exército serbio foi derrotado.

En 1992 Bosnia e Hercegovina proclamou tamén a súa independencia e iniciouse un novo conflito armado. En 1995 impúxose un cesamento do fogo tras a intervención da OTAN na zona, e acordouse a división de Bosnia e Hercegovina en dúas entidades, a República Serbia de Bosnia e a Federación Croato-Musulmá, federadas nun só Estado.

En 1998 produciuse outra crise na provincia serbia de Kosovo, cunha poboación maioritariamente albanesa onde se aplicara unha política de asimilación serbia, con transvasamentos de poboación. O conflito terminou tamén tras a intervención da OTAN en 1999.

En xuño de 2006, Montenegro proclamou a súa independencia de Serbia tras a celebración dun referendo popular.

En 2008 Kosovo proclamouse unilateralmente Estado independente, pero non foi recoñecido por toda a comunidade internacional.



4ª. Elabora un cadro no que figuren os conflitos bélicos desenvolvidos na antiga Xugoslavia, as consecuencias políticas e sociais dos mesmos. Utiliza a información dos seguintes documentos.

2.3. Os conflitos iugoslavos

Iugoslavia creárase como Estado en 1918, tras a Primeira Guerra Mundial. Agrupaba a eslavos de culturas distintas –eslovenos, croatas, serbios, bosnios, albaneses, etc.– e de relixións tamén diferentes –católicos, ortodoxos, musulmáns–. Os seus territorios foran fronteira, conflictiva a miúdo, entre os antigos Imperios otomán e austrohúngaro.

Durante a Segunda Guerra Mundial, rompeu a unidade do país. Tras a contenda creouse un **Estado federal formado por seis repúblicas con grande autonomía**. Tratábase de volver integrar nun só Estado todos os pobos citados anteriormente. Non obstante, os únicos eixes vertebradores do país foron o partido da Liga dos Comunistas de Iugoslavia e o prestixio da figura de Tito.

Na década de 1980 desapareceron os dous piares do Estado iugoslavo: morreu Tito e a crise do bloque comunista permitiu que emerxesen forzas políticas non comunistas, normalmente nacionalistas. Fronte a eles, Serbia desexaba manter Iugoslavia e ocupar nela un lugar hexemónico. En 1989 **Slobodan Milosevic** chegou á presidencia de Serbia. Este político adoptou unha postura ultranacionalista e intransixente, baseada na idea da Gran Serbia*, que contou con moito apoio popular entre a poboación.

As tendencias nacionalistas tamén se impuxeron noutras rexións e provocaron a **declaración de independencia de Eslovenia e Croacia** (1991). Inmediatamente **comezou unha guerra**, xa que Serbia non aceptou esta decisión.

As guerras de Croacia e Bosnia e Hercegovina

Os combates iniciáronse en **Eslovenia**, aínda que aquí foron breves e finalmente aceptouse a separación do país en xuño de 1991. Pero continuaron máis encarnizadamente en **Croacia**, onde a poboación serbia era máis numerosa. Aquí a paz non chegou ata 1995.

Pola súa parte, Bosnia e Hercegovina declarou a súa independencia en 1992. A situación desta rexión era aínda máis complexa, pois no territorio bosnio convivían musulmáns, croatas e serbios. Musulmáns e croatas apoiaron a independencia, pero os serbios non. Estes últimos, co apoio do exército de Serbia, iniciaron unha guerra que buscaba a secesión de parte do territorio bosnio para conformar a Gran Serbia. ▶ (Doc. 16)

Doc. 16 A actuación dos serbios en Bosnia.

Cando a comunidade internacional reconeceu a independencia de Bosnia e Hercegovina o día 6 de abril de 1992, o exército serbio –antes iugoslavo– xa ocupara partes de Croacia ao norte de Bosnia e partes da propia Bosnia, afirmando a necesidade de defender os serbios étnicos contra a suposta violencia de croatas e bosnios. Así, os bosnios serbios apoiados pola ditadura nacionalista de Milosevic emprenderon, desde aquela data, un descarado esforzo por destruír o Estado de Bosnia e por aniquilar a poboación musulmá que, aproximadamente, representa a metade dos habitantes de Bosnia. [...] De calquera xeito, o certo é que o ano 1992 –proxectado inicialmente como un fito da Unión Europea– foi testemuño de como Saraievo e outras cidades bosnias eran metodicamente bombardeadas e destruídas.

R. ARACIL, J. OLIVER, A. SEGURA, *O mundo actual. Da Segunda Guerra Mundial aos nosos días*, 1995

- ▶ Que argumento utilizou o exército serbio para ocupar territorios bosnios?
- ▶ Como actuaron os bosnios de orixe serbia?



Vista de Saraievo tras os bombardeos serbios.

A guerra de Bosnia e Hercegovina foi o conflito máis cruel e no que a poboación civil sufriu máis abusos e persecucións. Soamente a **intervención da OTAN** entre 1994 e 1995 puido frear as hostilidades.

Finalmente, Estados Unidos logrou que os presidentes de Croacia, Bosnia e Serbia chegasen a un **acordo de paz en Dayton** (1995). ▶ (Doc. 17)

A guerra de Kosovo

Parecía que os problemas iugoslavos chegaban á súa fin cando estourou o conflito de Kosovo, onde se enfrontaban os kosovares, de orixe albanesa, e os serbios.

Para impedi-lo a **OTAN interveu directamente**, aínda que non tiña a autorización do Consello de Seguridade da ONU. Entre marzo e abril de 1999 Serbia foi bombardeada polos avións da Alianza. Ao final Milosevic cedeu e a ONU colocou Kosovo baixo un mandato internacional. En 2008 Kosovo declarou unilateralmente a súa independencia, feito que contou co apoio de Estados Unidos, pero non de toda a comunidade internacional.

Como resultado destas guerras o que foi Iugoslavia quedou dividido en sete novos Estados: **Eslovenia, Croacia, Bosnia e Hercegovina, Serbia, Montenegro, Macedonia e Kosovo**, este último non foi recoñecido por moitos países. Este proceso custou tres cruentas guerras e varios centos de miles de mortos e de desprazados. ▶ (Docs. 18, 19 e 20)

Doc. 17 Os acordos de Dayton.

A solución acordada en Dayton supoñía que o Goberno central de Bosnia tería unhas atribucións moi limitadas, e o país quedaba integrado por dúas entidades autónomas: unha federación croata-musulmá, co 51% do territorio, e unha república serbia, co 49%. Unha forza da OTAN garantiría a aplicación dos acordos. Case dez anos despois estes seguen en pé, aínda que Bosnia é un Estado fráxil, en que as tensións entre as tres comunidades que o integran seguen sen superarse.

J. CASASSAS (coord.), *A construción do presente: o mundo de 1848 aos nosos días*, 2005



Doc. 18 Desprazamentos de poboación na antiga Iugoslavia.



5ª. Argumenta si se produciron casos de xenocidio e crimes de guerra nos conflitos xugoslavos utilizando toda a información anterior e a que xuntamos.

Doc. 20 O drama dos refuxiados.

As masas de refuxiados, a fame, o frío e mais a morte volveron apoderarse, medio século despois, do corazón de Europa. Os barrancos de Blace, na fronteira entre a rexión iugoslava de Kosovo e a República de Macedonia, eran onte un inmenso vertedoiro de seres humanos que chapuzaban no barro e que xemían como espectros entre a fumareda negra das fogueiras. Unhas 50.000 persoas, quizais máis, aglomerábanse en terra de ninguén, a carón da vía férrea que os serbios utilizan para expulsar os albaneses de Kosovo. [...] O Goberno macedonio, que mobilizou os reservistas para facer fronte á crise, di que non pode aceptar nin un refuxiado máis.

«Estamos ante unha catástrofe humana, ante unha cúspide da miseria humana», dixo o xeneral Michael Jackson, máximo oficial das forzas da OTAN estacionadas en Macedonia. O Goberno da pequena república balcánica pediu auxilio humanitario á OTAN, que se encargará de centralizar os alimentos enviados desde numerosos países e preparar paquetes para que a ONU os distribúa entre os refuxiados. Sacos de arroz paquistaní, polo conxelado danés e auga embotellada grega empezaban a amorearse no campamento británico da estrada cara a Pristina.

«Un inmenso vertedoiro humano», *El País*, 4 de abril de 1999

ción de **fortes tensións nacionais**. En 1991, baixo a presidencia do líder serbio Slobodan Milosevic, **Eslovenia** proclamou a súa independencia. Pero, cando meses despois fixo o mesmo Croacia, onde vivía unha importante minoría serbia, o exército iugoslavo interveu. Tras varias semanas de guerra, **Croacia** obtivo a súa independencia, grazas ao apoio de países da Unión Europea, como Alemaña. Moitos serbios foron masacrados e expulsados, nun primeiro caso de limpeza étnica. Meses despois, tamén **Macedonia** proclamou a súa independencia.

En 1992 estalou a **guerra en Bosnia**, un territorio no que había grandes minorías de croatas e serbios. Ante a pasividade do resto do mundo, croatas e serbios organizaron os seus propios exércitos, con apoio dos seus correspondentes estados, e iniciaron campañas de limpeza étnica, con asasinatos e trasladados masivos de poboación, pese ao envío de forzas de interposición da ONU.

Foi a matanza de máis de 7.600 bosnios en Srebrenica, en 1994, a mans de milicias serbias, a que levou á ONU a autorizar os bombardeos da OTAN sobre Serbia. A raíz diso, unha rápida negociación culminou nos **acordos de Dayton**, en decembro daquel ano, polos que Bosnia quedaba partida en dúas entidades autónomas, unha bosnio-croata e outra serbia, baixo ocupación da ONU.

O último episodio da desintegración de Iugoslavia tivo lugar en **Kósovo**, unha rexión autónoma de maioría albanesa, pero cunha importante poboación serbia. Alí estalou a guerra en 1998, e tras varios meses de conflito, en marzo de 1999 de novo interveu a OTAN, esta vez sen autorización da ONU, nunha campaña de bombardeos que arrasou Serbia e obrigou a retirarse ao seu exército. Kósovo obtería a súa independencia, tras continuar as operacións de limpeza étnica, esta vez contra os serbios.

5. Argumenta a veracidade ou falsidade das seguintes afirmacións:

1. Os seguintes estados foron “satélites” da URSS durante a Guerra Fría (1947-1989): Alemaña Oriental, (RDA), Austria, Hungría, Romanía, Polonia e Xugoslavia.

2. Mikhail Gorbachev apoiou as políticas de *perestroika* e *glasnost* de Boris Eltsin para favorecer a desestalinización fronte ao socialismo desenvolvido por J. Andropov cando sucedeu a Bresnev.

3. As principais consecuencias da caída do muro de Berlín foron o aumento do turismo internacional a esa cidade e a integración dos *lander* orientais na República Federal Alemana que ingresou na Unión Europea nos anos noventa do século pasado.

4. Bosnia, Croacia, Lituania, Eslovenia, Estonia, Letonia, Ucraína e Servia foron algúns dos estados que xurdiron da desmembración da URSS.

5. Na guerra de Xugoslavia produciuse un xenocidio da poboación bosniaca en cidades como Srebrenica, e operacións de limpeza étnica por parte dos servios e croatas en localidades como a de Mostar.